

**PONTEAREAS**

**A N U N C I O**

De conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicanse os textos íntegros das Modificacións de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos para o exercicio 2008 aprobadas definitivamente en sesión plenaria de 26 de decembro de 2007, así como os textos íntegros das Modificacións de Ordenanzas Fiscais e Prezos Públicos que quedan elevadas automaticamente a definitivas unha vez remataado o periodo de exposición pública:

**1. A) MODIFICACIÓN DO ANEXO DA ORDENANZA NA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADERÍAS DE CALQUERA CLASE**

*“PRIMEIRO. TARIFA*

A) Por cada entrada en almacén e comercios, metro lineal, ao ano	11,92 €
B) Por entrada de garaxes, talleres destinados á construción e reparación de toda clase de vehículos e demais industrias, por metro lineal ao ano	15,90 €
C) Por cada entrada particular, metro lineal ao ano, no casco urbano	9,88 €
D) Por cada entrada particular, metro lineal ao ano, nos barrios de Canedo, San Vicente e As Cachadas, deducirse un 20% das tarifas sinaladas no apartado C.	
E) Por cada entrada particular, metro lineal ao ano, no extrarradio e parroquias, deducirse un 40% da tarifa sinalada no apartado C.	
F) Reservas permanentes para autotaxis ou vehículos de aluguer ao ano	135 €

*GARAXES*

Por cada vehículo de capacidade nos garaxes industriais de aluguer	7,15 €
Por cada vehículo de capacidade nos garaxes privados ou de servizo público	6,41€.”

**1. B) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL PARA A RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA REGULADORA DA TAXA POR INMOBILIZACIÓN OU RETIRADA DE VEHÍCULOS DA MESMA**

*“ORDENANZA FISCAL PARA A RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA REGULADORA DA TAXA POR INMOBILIZACIÓN OU RETIRADA DE VEHÍCULOS DA MESMA*

**ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATURALLEZA**

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxeme Local, LRRL (BOE núm. 80, de 03/04/85), e conforme ó disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ponteareas, establece a taxa polos traballos de retirada de vehículos da vía pública.

A taxa por retirada de vehículos da vía pública rexeráse pola presente Ordenanza Fiscal e pola Ordenanza Fiscal Xeral sobre Xestión, Recadación e Inspección dos Tributos Locais.

**ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE**

1. O feito imponible está determinado, pola prestación do servizo de recepción obrigatoria da retirada, traslado e almacenaxe do vehículo, producíndose o feito pola iniciación das actividades.
2. A prestación do Servizo aplicarase os vehículos indebidamente estacionados, os que obstrúan o tráfico polas rúas, os que estacionen en lugares prohibidos, os abandonados e cantos se encontren en circunstancias análogas en zonas de regulación e ordenación de aparcamentos, de acordo coas disposicións municipais que regulen o servizo.

**ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO**

1. Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei Xeral tributaria que resulten afectadas pola prestación do servizo que orixine o devengo da Taxa.
2. A falta de proba en contrario, se entenderá que o afectado pola prestación do servizo é o titular que figure no permiso de circulación do vehículo.

**ARTIGO 4.—RESPONSABLES**

1. Serán responsables solidarios da obrigaón tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas e entidades, nos supostos e co alcance que sinale o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5.—COTA TRIBUTARIA**

1. A cota tributaria será determinada nunha cantidade fixa sinalada segundo o tipo de vehículo e, no seu caso, pola tonelaxe do mesmo, e para o depósito, o tempo de estancia no mesmo, no lugar que se designe dentro do termo municipal, conforme as seguintes tarifas:

1. Por enganche de vehículo de tracción mecánica sen traslado a depósito	20 €
2. Taxa por remolque ata depósito, segundo as categorías seguintes:	
a) Motocicletas, ciclomotores, triciclos, motocarros, bicicletas, vehículos especiais e demais vehículos análogos ata 350 kg. de Tara	40 €
b) Automóbiles turismos, camionetas, furgonetas, vehículos especiais e demais vehículos de características análogas ata 1.200 kg. de Tara	50 €
3. No caso de retirada de vehículos con peso superior a 1.200 kg. de Tara, a cota tributaria será igual ó importe facturado polo servizo de grúa específico que contrate o Concello de Ponteareas para proceder á retirada do vehículo, sendo aplicable así mesmo o indicado no artigo 6 desta Ordenanza.	
4. As tarefas esixidas por inmovilización de vehículos por calquera medio mecánico ou cepos, consistirán en cada caso no 50% das indicadas no punto 2 deste artigo e incrementados nun 20% por cada 1.000 kg. de Tara o sobrepasar os 1.200 kg ou fracción.	
5. Inclúense na tarifa do punto anterior os vehículos inmovilizados voluntariamente polos seus titulares por avarías se despois de 40 horas o interesado non adoptara medida ningunha. Para estes efectos non se considerará avaría a carencia de combustible, suposto no que se operará como se dun vehículo infractor se tratase.	
6. As tarefas indicadas neste artigo serán complementadas cos importes correspondentes ó depósito e garda do vehículo dende a súa retirada, conforme ó seguinte cadro:	
a) Motocicletas, ciclomotores, triciclo, motocarros, bicicletas, vehículos especiais e demais vehículos análogos ata 350 kg. de Tara:	
Por medio día ou fracción inferior	4 €
Por cada día ou fracción seguinte	8 €
b) Automóbiles turismos, camionetas, furgonetas, vehículos especiais e demais vehículos de características análogas dende 351 kg. ata 1.200 kg. de Tara:	
Por medio día ou fracción inferior	6 €
Por cada día ou fracción seguinte	10 €
c) Vehículos con tara superior a 1.200 kg:	
Por cada medio día ou fracción inferior	12 €
Por cada día ou fracción seguinte	15 €

**ARTIGO 6. DEVENGO**

A obrigaón de contribuír nace devengándose a taxa, no momento no que interveñan os axentes municipais co fin de retirar, trasladar ou inmovilizar os vehículos, e cando se inician as labores tendentes o enganche do vehículo estando colocados os ferraxes sobre o mesmo e en disposición de ser elevado. O feito imponible da taxa por enganche do vehículo abarcará a suspensión da retirada do mesmo, se o conductor comparece antes de que o guindastre inicie a marcha co vehículo enganchado, e toma as medidas necesarias para cesar a situación irregular na que se encontraba.

A taxa por remolque ata o depósito se devengará cando o vehículo efectúe a súa entrada no Depósito sito dentro do Municipio de Pontearreas ou sede policial na que se deposite ou custodie, aplicándose ata ese momento a taxa anterior.

A taxa por almacenaxe devengarase nas condicións explícitas neste artigo, e de acordo co exposto no artigo anterior en canto o tempo, características e taxas aplicables os vehículos.

Quedan exentos do pago das taxas os vehículos roubados, circunstancia que deberá acreditarse mediante aportación da copia de denuncia presentada por tal motivo.

#### ARTIGO 7

O Concello procederá a adxudicación dos vehículos depositados nos locais ou recintos establecidos o efecto, de conformidade co disposto nas Ordes de 15 de xuño de 1965 e 8 de marzo de 1967, sobre vehículos abandonados o estacionados na vía pública e na Orden de 14 de febreiro de 1974, pola que se regula a retirada da vía pública e o depósito de vehículos abandonados.

#### ARTIGO 8

O que non se encontre nas disposicións desta ordenanza aplicarase a Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Recadación e Inspección e demais disposicións legais vixentes.

#### ARTIGO 9. INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo a cualificación de infracción tributaria así como das sancións que as mesmas lle correspondan en cada caso, estarase o disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Os dereitos e taxas desta Ordenanza, son esixibles e plenamente compatibles coas sanción que procedan, de acordo coa Ordenanza Municipal de Circulación.

#### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogado a ordenanza fiscal para a retirada e depósito de vehículos da vía pública reguladora da taxa por inmovilización ou retirada de vehículos da mesma, publicada no Boletín Oficial de Pontevedra núm. 49 de 12 de marzo de 1.998, así como a modificación desta ordenanza publicada no BOP núm. 5 do 8 de xaneiro de 2.007.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal consta de 9 artigos, unha disposición derogatoria e unha final, sendo aprobada polo Concello-Pleno provisionalmente na sesión celebrada o día 30-10-07, entrando en vigor definitivamente na mesma data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

#### 1. C) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL

##### “ANEXO

A) Dereitos de enterramento en panteóns	24,98 €
B) Dereitos exhumación ou traslado dos restos dentro do cemiterio municipal	20,44 €
A outro ou doutro cemiterio no termino municipal	14,76 €
A outro ou doutro término municipal	19,30 €

##### CESIÓNS DE TERREOS DE PANTEÓNS

A) Parcelas de preferencia, o m <sup>2</sup>	144,19 €
B) Parcelas de primeira clase, o m <sup>2</sup>	101,05 €
C) Parcelas de segunda clase, o m <sup>2</sup>	68,12 €
D) Parcelas de terceira clase, o m <sup>2</sup>	59,03 €

##### TRAMISIÓN DE CONCESIÓN

##### A-1 ENTRE VIVOS:

Pagarán as mesmas cotas según as deferentes categorías que veñen reflectidas no apartado de cesións de terreos de panteóns, agás cando a transmisión sexa entre parentes ós que se refire o artigo seguinte, aplicándose neste caso os dereitos nel regulados.

En todo caso, requírese cá transmisión sexa autorizada pola Corporación e o cambio de titular registrado nos libros correspondentes.

##### A-2.—POR CAUSA DE MORTE:

Seguindo as normas do Código Civil para os graos de parentesco por consanguinidade en liña recta e colateral, aboarán sobre a cota de reflectica no apartado de cesións de terreos desta ordenanza.

A.2.1.—Con parentesco de primeiro grao	10%
C.2.2.—Con parentesco de segundo grao	30%
C.2.3.—Con paraentesto de terceiro grao	60%
C.2.4.—Con parentesco de cuarto grao	90%

#### 1. D) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA POR SERVIZOS DE LONXAS E MERCADOS, ASI COMO ACARREXOS DE CARNES, DE TER QUE UTILIZARSE DUN MODO OBLIGATORIO, E SERVIZOS DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE ABASTOS INCLUIDA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E MEDIR

##### Eliminándose o apartado

##### “1) De servizos do matadoiro municipal”:

##### “PRIMEIRO.TARIFA

##### 1.—MERCADO MUNICIPAL

— Departamento de venda de carnes e peixes, ó mes:	34,22 euros
— Departamento de venda de ultramarinos e similares ó mes:	34,22 euros
— Cada un dos catro locais existentes na entrada da praza de abastos e similares ó mes:	50,00 euros
— Postos en bancas para peixes na planta “B” ó mes:	16,75 euros
— Locais pechados planta “B” ó mes:	23,78 euros
— Locais en planta “A”, saíntes, ó mes:	40,00 euros
— Almacens:	294,29 euros
— Os dereitos de traspaso seguen igual”.	

#### 1. E) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NA TAXA POR SERVIZOS DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

##### “ANEXO: TARIFAS

TARIFA Nº 1: Xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables

##### 1.—VIVENDAS

Por cada vivenda ao ano no caso urbano.	80,00 €
Por cada vivenda ao ano no rural	45,00 €

##### 2.—TARIFAS ANUAIS

— Hoteis e moteis	990,00 €
— Hostais, pensións, fondas a análogos	500,00 €
— Vivendas destinadas a turismo rural	300,00 €
— Campamentos de turismo	300,00 €
— Hospitais, clínicas, xerátricos, residencias, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais	990,00 €
— Academias e autoescolas	120,00 €
— Centros docentes privados ou concertados e/ou públicos cuxo mantemento non sexa encomendado pola lei á Administración Local, con réxime de pensión alimenticia	200,00 €
— Centros docentes privados ou concertados e/ou públicos cuxo mantemento non sexa encomendado pola lei á Administración Local, sen réxime de pensión alimenticia	120,00 €
— Discotecas e Salas de Festa e similares	1.300,00 €
— Pubs e bares de categoría especial	500,00 €
— Cafeterías	300,00 €
— Bares e análogos (sen comida)	120,00 €
— Pizzerías, hamburgueserías, bocaterías, parrilladas, cafeterías e bares con comida e análogos	350,00 €
— Restaurantes	
Ata 200 m <sup>2</sup>	350,00 €